

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA**

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen, mediante tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CO400E).

O artigo 51.2 da Constitución española establece que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos destes.

O artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma, nos termos do previsto nos artigos 38, 131 e 149.1.11ª e 13ª da Constitución, a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e usuario.

A dita competencia será levada a cabo polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en diante, IGCC), segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e no artigo 4.1.k) do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

A Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, no seu título I regula os dereitos dos consumidores e no seu artigo 11, entre outros, establece como un dereito dos consumidores a protección dos seus lexítimos intereses económicos e sociais, en particular fronte a situacións de desequilibrio como as prácticas comerciais desleais ou abusivas, ou a introdución de cláusulas abusivas nos contratos. Por outra banda, no capítulo II deste título I regúlase a protección da seguridade e a saúde dos consumidores y pretende, coas medidas recollidas neste capítulo, impulsar as accións preventivas e incrementar a transparencia do mercado.

O IGCC, a través dos servizos de Consumo en cada provincia, implementa accións e procedementos para acadar a eficacia daqueles dereitos e a protección da seguridade dos consumidores, en función das competencias que teñen atribuídas de acordo co artigo 20 do citado Decreto 118/2016, do 4 de agosto.

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



Unha das formas de contribuír á defensa e protección da seguridade dos consumidores e usuarios dunha forma efectiva é a través da formación na materia, de profesionais do máis amplo espectro, de forma que poidan aplicar os coñecementos adquiridos a través da dita formación, no exercicio das súas respectivas profesións.

Para acadar o obxectivo anteriormente sinalado, o artigo 49 da Lei 2/2012, habilita a Administración competente en materia de consumo para a elaboración de plans e programas de actuación conducentes ao impulso do tratamento da educación para o consumo nos diferentes niveis e etapas do ensino regrado.

Coa finalidade de que as persoas que teñan unha titulación universitaria de licenciatura ou de grao no ámbito do dereito poidan complementar os coñecementos teóricos adquiridos nos seus estudos cunha formación práctica que lles permita afrontar con maiores garantías o seu futuro profesional, e de facilitar a formación directa de futuros docentes en materia de consumo e nos mecanismos de protección que se desenvolven na Administración pública, o IGCC convoca as bolsas de formación no IGCC en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, de xeito que se posibilite a incorporación ao mercado laboral de profesionais no eido do ensino capacitados para dar cumprimento ao mandato constitucional de garantir a defensa dos consumidores, así como a formación, información e educación das persoas consumidoras e usuarias.

Abórdase así a necesidade de pór en marcha unha actuación formativa desde unha dobre perspectiva. Por un lado, consolidar este mecanismo como un sistema eficaz de formación previo ao acceso á vida laboral. Por outra banda, neste contexto de crise económica, posibilitar os/as mozos e mozas con titulación universitaria de licenciatura ou de grao obter unha formación práctica no eido da información, formación e educación sobre consumo responsable que lles permita un mellor acceso ao mercado laboral.

Neste sentido, por medio desta resolución establécense as bases da convocatoria de bolsas de formación no IGCC en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos para o ano 2026.

A Orde da Consellería de Economía, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), que posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia extraordinario do día 17 de outubro de 2025.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 existen nas aplicacións 14.80.613A.480.2 e 14.80.613A.484.0 partidas orzamentarias consignadas polas contías de 88.000,00 € e 5.094,40 €, respectivamente, para atender oito bolsas de formación desta resolución.

Por outra banda, coa finalidade de que a persoas adxudicatarias das bolsas poidan comezar canto antes a súa formación, prevese a tramitación do procedemento de concesión das ditas bolsas pola vía de urxencia, polo que se reducen á metade (5 días) os prazos para efectuar os requirimentos de emenda, poñer de manifesto o procedemento ás persoas interesadas e aceptar as ditas bolsas.

Por todo o exposto, en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de oito (8) bolsas de formación nas diferentes oficinas do IGCC da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas tituladas que se especifican no anexo I, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CO400E).

A distribución das oito bolsas entre as oficinas do IGCC será a seguinte:

– Oficina do IGCC na localidade da Coruña, 1 bolsa.

CVE-DOG: ifyk14u6-je1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



- Oficina do IGCC na localidade de Santiago de Compostela, 2 bolsas.
- Oficina do IGCC na localidade de Ferrol, 1 bolsa.
- Oficina do IGCC na localidade de Lugo, 1 bolsa.
- Oficina do IGCC na localidade de Ourense, 1 bolsa.
- Oficina do IGCC na localidade de Pontevedra, 1 bolsa.
- Oficina do IGCC na localidade de Vigo, 1 bolsa.

Artigo 2. *Financiamento e concorrencia*

1. O importe total que se habilita para esta convocatoria ascende a 93.094,40 €, que se imputará ás aplicacións 14.80.613A.480.2, bolsas de formación en materia de protección das persoas consumidoras (88.000,00 €), e 14.80.613A.484.0, cotas da Seguridade Social dos bolseiros (5.094,40 €), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2026 e que se destinará ao pagamento das oito persoas bolseiras e das cotas da Seguridade Social. O importe de cada bolsa non excederá a contía de 11.000,00 € brutos. A concesión de subvención ao abeiro desta convocatoria está sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da concesión.

Non obstante, cabe sinalar que este procedemento se tramita con base na Orde da Consellería de Economía, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia extraordinario do día 17 de outubro de 2025.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamen-



tos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, faise constar que no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, existen nas devanditas aplicacións 14.80.613A.480.2 e 14.80.613A.484.0 partidas orzamentarias consignadas polas contías de 88.000 € e 5.094,40 €, respectivamente, para atender as oito bolsas de formación desta resolución.

2. En cumprimento do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social (BOE número. 259, do 27 de outubro), destinaranse 5.094,40 €, en concepto de cotizacións á Seguridade Social por parte do IGCC por continxencias comúns e profesionais.

3. O procedemento de concesión destas bolsas tramitarase en réxime de concorrência competitiva.

Artigo 3. *Órganos competentes*

O Servizo de Información, Cooperación e Fomento do IGCC será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das ditas bolsas e correspóndelle ao director do IGCC ditar a correspondente resolución.

Artigo 4. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no IGCC, a través dos seguintes medios:

a) Na Guía de procedementos e servizos da sede electrónica e que pode consultar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

b) Na páxina web oficial do IGCC, <https://consumo.xunta.gal>

c) No teléfono 981 54 54 16 do IGCC.

d) No enderezo electrónico igc.xerencia@xunta.gal



e) Presencialmente nas oficinas do IGCC, na avenida Gonzalo Torrente Ballester, nº 3, 1-5, baixo, Santiago de Compostela.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase o director do IGCC para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Gabriel Alén Castro
Director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos e convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CO400E)

Artigo 1. *Obxecto e duración das bolsas de formación*

1. As bolsas de formación no IGCC en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos teñen como obxectivo contribuír á formación práctica de titulados superiores en materia de consumo.

2. As bolsas que se convoquen desenvolveranse dentro do programa de traballo do IGCC.

3. O programa de formación incluírá as actividades de formación relacionadas coa defensa e protección ao consumidor, a arbitraxe e a seguridade e vixilancia do mercado, levadas a cabo no ámbito de actuación dos servizos de Consumo en cada provincia do IGCC.

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



4. Así mesmo, o IGCC nomeará unha persoa titora responsable das actividades de formación que desenvolverá cada persoa bolseira.

5. O programa formativo desenvolverase ao longo do ano 2026 cunha duración máxima de dez meses, contado desde a data da incorporación da persoa bolseira e ata o 31 de decembro de 2026.

Non se concederán bolsas para suplir baixas ou renuncias por tempo inferior a un mes.

Artigo 2. Número e dotación económica das bolsas

O número de bolsas convocadas será de oito (8), que se adxudicarán de acordo co indicado no artigo 6 destas bases. O número de bolsas asignadas por cada oficina é o establecido no artigo 1 desta resolución.

Cada unha das 8 bolsas terá un destino e lugar de desenvolvemento distinto, en función das oficinas que o IGCC ten na Comunidade Autónoma. Para iso, o solicitante deberá elixir unha soa oficina de destino a través do anexo V, de tal xeito que se un solicitante presenta dúas solicitudes para dúas oficinas distintas, terase en conta unicamente a primeira solicitude presentada. Do mesmo xeito, se o solicitante marca varias oficinas na mesma solicitude (anexo V), desestimarase a dita solicitude.

Para iso deberá cubrir o anexo V en función das oficinas de destino seguintes:

- Oficina do IGCC na localidade da Coruña.
- Oficina do IGCC na localidade de Santiago de Compostela.
- Oficina do IGCC na localidade de Ferrol.
- Oficina do IGCC na localidade de Lugo.
- Oficina do IGCC na localidade de Ourense.
- Oficina do IGCC na localidade de Pontevedra.
- Oficina do IGCC na localidade de Vigo.



Se algunha das ditas bolsas dalgunha oficina queda vacante, poderá trasladarse a dita bolsa a outra oficina en que existan solicitudes que cumpran os requisitos exigidos.

Cada bolsa estará dotada cun importe máximo de 11.000,00 € brutos, distribuídos en pagamentos mensuais, a razón de 1.100 € brutos por mes e por bolsa ata un máximo de 10 meses.

Artigo 3. *Condicións e incompatibilidades*

1. A persoa beneficiaria adquire exclusivamente a condición de bolseira, coas obrigas e dereitos dela e conforme estas bases, sen ningún outro vínculo laboral ou administrativo co órgano convocante nin coas entidades en cuxas dependencias se leve a cabo a formación.

A percepción destas bolsas é incompatible con:

– Calquera outra bolsa ou axuda financiada por calquera Administración, institucións ou entes públicos.

– Soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa interesada.

– O exercicio de calquera actividade profesional.

– A percepción da prestación por desemprego.

Artigo 4. *Centro de destino*

A formación terá lugar nas dependencias dalgunha das oficinas do IGCC na nosa comunidade autónoma en función do establecido no artigo 2 destas bases.

Artigo 5. *Requisitos da persoa beneficiaria*

Poderán optar á concesión destas bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos, que deberán posuír no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional de calquera Estado membro da Unión Europea, así como estar domiciliada/o na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4. Só se lle concederá validez ás titulacións ou aos cursos homologados polos órganos competentes en materia de política lingüística.



c) Estar en posesión dalgún título universitario de licenciatura ou de grao en Dereito. A persoa solicitante deberá estar en posesión do título ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición ao remate do prazo de presentación de solicitudes e ter rematado os estudos conducentes a el no ano 2007 ou posteriores. Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán estar homologados ou recoñecidos e producir plenos efectos xurídicos na data de presentación da solicitude.

d) Non gozar na actualidade de calquera outra bolsa ou axuda, salvo o subsidio por desemprego ou a renda activa de inserción para desempregados.

e) Non ter emprego remunerado nin percibir a prestación por desemprego.

f) Non padecer ningunha enfermidade nin limitación física ou psíquica que imposibilite o cumprimento das súas obrigas como bolseiro/a.

g) Non incorrer en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Non ter sido persoa beneficiaria desta mesma bolsa ou calquera outra bolsa convocada por este IGCC, en convocatorias anteriores por un tempo superior a 10 meses.

Artigo 6. *Proceso de selección*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha orde de prelación entre elas, por cada oficina de destino, de acordo co proceso de selección e cos criterios de valoración establecidos a continuación. A dita orde de prelación farase para cada unha das oficinas de destino sinaladas no artigo 2 destas bases.

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



2. En cada oficina resultará adxudicataria a solicitude que acade a maior puntuación da prelación resultante feita nesa oficina, como resultado da suma dos puntos obtidos no proceso de selección.

3. A puntuación máxima no proceso de selección será de 18 puntos.

4. Se algunha das oficinas de destino queda vacante por falta de solicitudes ou suplentes por calquera tipo de renuncia, procederase segundo o establecido nos artigos 16 e 20 destas bases.

Artigo 7. *Criterios de valoración dos méritos*

A Comisión de Valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos, incluídos no *curriculum vitae* presentado acreditados documentalmente, de acordo cos seguintes criterios:

a) Expediente académico:

1º. Pola nota media obtida na titulación con que concorre:

– Aprobado: 2 puntos.

– Notable: 3 puntos.

– Sobresaliente: 4 puntos.

– Matrícula de honra: 5 puntos.

2º. Forma de acreditación: certificación académica oficial.

b) Outras titulacións:

1º. Por estar en posesión doutras titulacións universitarias de licenciatura ou de grao: 1 punto por cada titulación, ata un máximo de 2 puntos.

2º. Forma de acreditación, só para o caso de opoñerse á súa consulta, de acordo co artigo 10: copia dos títulos ou xustificante do pagamento dos dereitos para a súa expedición.



c) Formación complementaria recibida, ata un máximo de 11 puntos, conforme o seguinte baremo:

1º. Por estar en posesión dun máster universitario en Avogacía: 3 puntos.

2º. Formación complementaria universitaria, ata un máximo de 4 puntos:

– Por cada máster universitario ou certificado-diploma de estudos avanzados: 1 punto.

– Por cada curso de experto/a ou especialista universitario/a: 0,70 puntos.

3º. Por cada curso de formación en materia de consumo, documentación ou administración pública, ata un máximo de 2 puntos:

– De 20 horas ata 50 horas: 0,20 puntos.

– De máis de 50 horas ata 100 horas: 0,40 puntos.

– De máis de 100 horas: 0,60 puntos.

Non se valorarán as materias que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica nin os cursos que non acrediten as horas lectivas.

4º. Por cada curso de formación en materia de ofimática relacionada co tratamento de textos, mecanografía, xestión de bases de datos e follas de cálculo e presentacións, ata un máximo de 2 puntos:

– De 20 horas ata 50 horas: 0,20 puntos.

– De máis de 50 horas ata 100 horas: 0,40 puntos.

– De máis de 100 horas: 0,60 puntos.

Non se valorarán as materias que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica nin os cursos que non acrediten as horas lectivas.

5º. Forma de acreditación: copia dos títulos ou certificado de participación nas actividades formativas.



2. En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase aplicando por orde os seguintes criterios:

a) A maior antigüidade na data de obtención do título.

b) A maior idade da persoa solicitante.

3. Todos os méritos recollidos neste artigo se computarán ata a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Artigo 8. Forma e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Debido á capacidade técnica das persoas físicas beneficiarias destas bolsas, que deben reunir a condición de tituladas universitarias, considérase que teñen acceso e dispoñibilidade suficiente aos medios electrónicos necesarios para realizar todos os trámites electronicamente neste procedemento.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que expira o último día do mes.

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



Artigo 9. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación académica oficial, en que conste a nota media do expediente académico da titulación universitaria con que concorre.

b) *Curriculum vitae*, no cal se relacionen os estudos cursados, os méritos que considere e, se é o caso, a experiencia profesional.

c) Documentos acreditativos de todos os méritos alegados no *curriculum vitae*.

d) Xustificante do pagamento dos dereitos de expedición da titulación correspondente, se é o caso.

e) Títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais, se é o caso.

f) Certificado de Celga 4 ou equivalente non expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

g) Anexo V de elección de oficina de destino da bolsa.

h) Anexo VI de consentimento para formar parte da lista de reserva xeral.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante.
- d) Certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- e) Título/s universitario/s de licenciado ou graduado.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT para a solitude de axudas e subvencións.
- g) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- h) Certificado de estar ao día no pagamento coa Atriga para percibir axudas ou subvencións.
- i) Certificado do importe de prestación por desemprego, percibidos na data actual.
- j) Certificado de situación actual de desemprego.
- k) Certificado de condición de bolseiro.



l) Certificado das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade.

m) Certificado de concesión de subvencións e axudas.

n) Certificado de inhabilitación para obter subvencións e axudas.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Prazo de duración do procedemento*

Unha vez rematado o prazo para a presentación das solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nestas bases reguladoras,

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



e a súa duración no poderá exceder o prazo establecido no artigo 18.3 destas bases reguladoras.

Artigo 14. *Instrución do procedemento*

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nas bases reguladoras ou na convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de cinco días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se non se fai así, se terá por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se realizará se das comprobacións obtidas de conformidade co artigo 10 resulta que a persoa solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 40, 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os requirimentos de emenda poderanse realizar mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e esta producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará na páxina web do IGCC (<http://consumo.xunta.gal>). Se a instrución do procedemento o aconsella, poderase substituír a publicación pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 40 da mesma lei.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria, serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as súas causas.



Artigo 15. Comisión de Valoración

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 7 e de propoñer a concesión ou denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

- A persoa titular da xerencia do IGCC.
- O/a xefe/a do Servizo de Protección ao Consumidor do IGCC.
- O/a xefe/a do Servizo de Información, Cooperación e Fomento do IGCC.
- Un/unha funcionario/a do IGCC.

3. A Comisión de Valoración constituirase na sede do Instituto Galego do Consumidor e da Competencia. O seu funcionamento rexerase polo disposto na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. Todos os membros terán dereito a voto.

Artigo 16. Valoración de méritos

1. Unha vez avaliados pola Comisión de Valoración os méritos acreditados documentalmente conforme os criterios establecidos no artigo 7, publicarase na páxina web do IGCC (<http://consumo.xunta.gal>) as listas coas puntuacións provisionais outorgadas ás persoas solicitantes agrupadas por oficinas de destino.

2. Contra estas puntuacións provisionais poderá presentarse reclamación no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación. Neste prazo de reclamacións non se terá en conta a achega de novos méritos que non fosen acreditados documentalmente no prazo de presentación das solicitudes.

3. Resoltas as reclamacións contra as puntuacións provisionais, a Comisión de Valoración elaborará a lista definitiva de solicitudes admitidas obtida na valoración de méritos, que servirá de orde de prelación de candidatos/as por orde de puntuación e oficina de destino (e elaboración das listas de adxudicatarios e listas de reservas, por oficina), e a lista de



persoas non admitidas, que se publicarán na páxina web do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (<http://consumo.xunta.gal>).

4. Así mesmo, a Comisión de Valoración tamén elaborará, de entre os suplentes que non resultaron adxudicatarios, unha lista de reserva xeral por orde de puntuación, que será tida en conta soamente para o caso de que algunha oficina quede vacante sen bolseiro e non se poida cubrir, ben por falta de solicitudes ou ben porque quede vacante e sen suplentes posteriormente por renuncias producidas na dita oficina. Para elaborar esta lista de reserva xeral por orde de puntuación teranse en conta unicamente as solicitudes que deron o seu consentimento no anexo VI desta resolución. Neste caso procederase segundo o establecido no artigo 20.4 destas bases.

Artigo 17. *Audiencia*

1. Despois de instruír o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas para que, nun prazo de cinco días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Artigo 18. *Resolución*

1. O órgano instructor elevaralle ao director do IGCC as persoas propostas por cada oficina de destino, segundo a orde de prelación acadada, a lista de reserva por cada oficina para o caso de non aceptación ou renuncia das persoas propostas e a lista de reserva xeral por orde de puntuación para o caso de vacante nalgunha das oficinas.

2. O director do IGCC ditará resolución mediante a cal se adxudicarán as bolsas ás oito persoas propostas pola Comisión de Valoración nas oficinas de destino. A dita resolución será publicada na páxina web do IGCC (<http://consumo.xunta.gal>) e notificada ás persoas adxudicatarias, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da mesma lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: jfyk14u6-je1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de tres meses contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 19. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



Artigo 20. *Aceptación, renuncia ou vacante*

1. Recibida a notificación da resolución de concesión da bolsa, a persoa beneficiaria deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles conforme o modelo que figura como anexo IV desta convocatoria.

2. Transcorrido o dito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

3. No caso de que a persoa beneficiaria non acepte a bolsa, non se poida incorporar por calquera outro motivo ou renuncie a ela, poderá ser substituída polas persoas suplentes que figuren na lista de reserva por oficina en función da orde de prelación.

4. Co fin de que todas as bolsas da convocatoria sexan cubertas e os solicitantes admitidos sen bolsa poidan acceder a elas, soamente no caso de que algunha das bolsas dunha oficina quede vacante, xa sexa por falta de solicitudes recibidas ou quede sen suplentes por calquera renuncia que se produza dos beneficiarios na adxudicación das bolsa ou posteriormente unha vez adxudicadas, o órgano instrutor do procedemento ofrecerá a dita vacante, por orde de puntuación, á persoa que lle corresponda da lista xeral de reservas por orde de puntuación elaborada pola Comisión de Valoración. Unha vez aceptada polo solicitante iniciárase o procedemento de resolución da bolsa. A renuncia xustificada, tanto ao ofrecemento da vacante por parte do órgano instrutor como a renuncia á bolsa no caso de estar desfrutando dela por aplicación deste artigo 20.4, non supón a eliminación da dita lista xeral de reservas por orde de puntuación, de tal xeito que en futuras vacantes deberán seguir ofrecéndolle as vacantes que se produzan, sempre e cando a renuncia fose por motivos xustificados.

5. A concesión das axudas reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionada en Galicia.

6. A solicitude levará implícita a autorización, no caso de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Con todo, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorra algunha das circunstancias previstas

CVE-DOG: jfyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 21. *Natureza xurídica da relación*

1. A condición de persoa beneficiaria desta bolsa non xerará relación laboral ou contractual de ningún tipo coa Xunta de Galicia ou cos organismos ou entidades en cuxas dependencias se leve a cabo a formación.

2. En materia de seguridade social, será de aplicación, no que corresponda, o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social (BOE núm. 259, do 27 de outubro).

Artigo 22. *Pagamento das bolsas*

1. O pagamento da bolsa realizarase por períodos mensuais vencidos e logo de que o/a tutor/a correspondente expida a certificación en que se faga constar que se cumpriu o programa formativo inicialmente proxectado e se acadaron os obxectivos previstos. No caso de producirse a incorporación ou o cesamento nun día distinto ao primeiro ou ao último de cada mes, a persoa beneficiaria percibirá o importe que proporcionalmente corresponda ao número de días que desfrute da bolsa.

De conformidade co disposto no artigo 65.4.f) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), a persoa beneficiaria da bolsa queda exenta da obriga de constituír garantía.

2. Os pagamentos produciranse logo da expedición da certificación mencionada no parágrafo anterior e unha vez cumpridos os demais requisitos exixidos na normativa de aplicación.



Artigo 23. Obrigas da persoa beneficiaria

A persoa beneficiaria da bolsa terá as seguintes obrigas:

a) Aceptar por escrito as normas e obrigas establecidas nas bases reguladoras e na convocatoria das bolsas dentro do prazo de 5 días posteriores á notificación da resolución de concesión, segundo o modelo do anexo IV.

b) Presentar, xunto coa aceptación da bolsa, declaración de non percibir outras subvencións, bolsas, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria das persoas interesadas, segundo o modelo do anexo III.

c) Presentar, xunto coa aceptación da bolsa, declaración responsable coa conta bancaria onde deba aboarse a bolsa, segundo o modelo do anexo III.

d) Presentar, xunto coa aceptación da bolsa, certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles coa realización das funcións que se desenvolverán.

e) Incorporarse á bolsa no prazo máximo de tres días desde que a acepte e cumprir un horario de trinta e cinco horas semanais, de acordo coa distribución que lle asigne o IGCC.

f) Xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos.

g) Cumprir co programa de formación establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos e informes que determine ao IGCC. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o dito centro considere convenientes para a súa formación.

h) Non desenvolver outras tarefas que dificulten o cumprimento das súas obrigas como persoa bolseira.

i) Manter a confidencialidade e a reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou sexan elaborados en cumprimento das súas funcións como persoa bolseira. Esta confidencialidade é extensible a calquera dato que poida coñecer con ocasión da realización da bolsa, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar cun fin distinto ao da bolsa, nin tampouco ceder a outros, nin sequer para os efectos de estudo, consulta ou divulgación.



j) Comunicarlle á IGCC a obtención doutras bolsas ou axudas, así como calquera outra alteración dos requisitos impostos ás persoas beneficiarias para o outorgamento destas bolsas.

k) Comunicarlle a súa renuncia ao IGCC, con dous días de antelación á data de cesamento, no caso de que se produza con posterioridade ao inicio da formación.

l) Presentar ante o IGCC, no prazo dun mes a partir da finalización da formación, unha memoria detallada das actividades realizadas, en que especificará o programa formativo desenvolvido e os obxectivos acadados.

m) Desfrutar dun período de vacacións de vinte e dous días hábiles por ano ou o tempo proporcional ao período de disfrute da bolsa.

n) As demais que, con carácter xeral, se establecen no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 24. *Modificación, revogación e réxime sancionador*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O director do IGCC, logo da proposta motivada da persoa titular do Servizo de Consumo en cada oficina do IGCC, poderá revogar a concesión da bolsa se a persoa beneficiaria incumpre as condicións impostas para a súa concesión.

3. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o parágrafo anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 37 e seguintes da Lei de subvencións de Galicia e no título V do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

4. Á persoa beneficiaria da bolsa regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia e no título VI do seu regulamento.



Artigo 25. *Control e publicidade*

1. Estas bolsas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 26. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da resolución de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación individual ou publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Se o acto non é expreso, poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución individual ou publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO

BOLSA DE FORMACIÓN NO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA EN MATERIA
DE DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E SEGURIDADE DOS PRODUTOS

CÓDIGO DE PROCEDEMENTO

CO400E

DOCUMENTO

SOLICITUDE

EXPEDIENTE

CO400E 2026/

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-[Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO



ANEXO II
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras bolsas ou axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra bolsa ou axuda, de acordo co disposto no artigo 5.d) das bases reguladoras.
- ☐ Si solicitou e se lle concederon outras bolsas ou axudas, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que nas datas que a continuación se relacionan solicitou as seguintes bolsas ou axudas, que están pendentes de resolución:

ORGANISMO	DATA DA SOLICITUDE	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas bolsas e axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non incorrer en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Non estar percibindo ningunha compensación económica derivada dunha actividade profesional por conta propia ou allea e non estar percibindo a prestación por desemprego.
8. Non padecer ningunha enfermidade nin limitación física ou psíquica que imposibilite o cumprimento das súas obrigas como bolseiro/a.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación académica oficial, en que conste a nota media do expediente académico da titulación universitaria con que concorre.
- ☐ *Curriculum vitae*, en que se relacionen os estudos cursados, os méritos que considere e, se é o caso, a experiencia profesional.
- ☐ Documentos acreditativos de todos os méritos alegados no *curriculum vitae*.
- ☐ Xustificante do pagamento dos dereitos de expedición da titulación correspondente, se é o caso.
- ☐ Títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais, se é o caso.
- ☐ Certificado de Celga 4 ou equivalente non expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- ☐ Anexo V de elección de oficina de destino da bolsa.
- ☐ Anexo VI consentimento para formar parte da lista de reserva xeral por orde de puntuación.



ANEXO II
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	☐
DNI ou NIE da persoa representante	☐
Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante	☐
Certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística	☐
Título/s universitario/s de licenciado ou graduado	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Atriga para percibir axudas ou subvencións	☐
Certificado do importe de prestación de desemprego, percibido na data actual	☐
Certificado de situación actual de desemprego	☐
Certificado da condición de bolseiro	☐
Certificado das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade	☐
Certificado de concesión de subvencións e axudas	☐
Certificado de inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT para a solicitude de axudas e subvencións	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA****ANEXO II
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2025 pola que se establecen, mediante tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CO400E).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

CVE-DOG: ifyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Só no caso de que a persoa solicitante resulte beneficiaria da bolsa)

CO400E -BOLSA DE FORMACIÓN NO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA EN MATERIA DE DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E
SEGURIDADE DOS PRODUTOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que non percibe outras subvencións, bolsas, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como soldos ou salarios que impliquen a súa vinculación contractual ou estatutaria, de acordo co disposto no artigo 23.b) das bases reguladoras.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

CVE-DOG: ifyk14u6-jve1-dgl4-m6j3-852pezaijy5

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA

ANEXO IV

MODELO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

CO400E -BOLSA DE FORMACIÓN NO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA EN MATERIA DE DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E SEGURIDADE DOS PRODUTOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que na data recibiu a notificación de concesión da bolsa que lle foi outorgada ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación no Instituto Galego do Consumo e da Competencia en materia de dereitos das persoas consumidoras e seguridade dos produtos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.

E DECLARA:

- ☐ Que ACEPTA a bolsa concedida e, así mesmo, acepta o compromiso de cumprimento das normas e obrigas derivadas das bases da convocatoria.
- ☐ Que RENUNCIA á bolsa concedida, cos efectos que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN ☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

CVE-DOG: ifyk14u6-je1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA

ANEXO V

MODELO DE ELECCIÓN DE OFICINA DE DESTINO DA BOLSA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE SOLICITA:

Con base no establecido no artigo 2 das bases reguladoras da convocatoria, que a oficina do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para a que solicita a bolsa é (só se debe marcar unha única oficina):

- ☐ Oficina na localidade da Coruña
- ☐ Oficina na localidade de Santiago de Compostela
- ☐ Oficina na localidade de Ferrol
- ☐ Oficina na localidade de Lugo
- ☐ Oficina na localidade de Ourense
- ☐ Oficina na localidade de Pontevedra
- ☐ Oficina na localidade de Vigo

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

CVE-DOG: ifyk14u6-je1-dgl4-m6j3-852pezaiy5

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA

ANEXO VI

MODELO DE CONSENTIMENTO PARA FORMAR PARTE DA LISTA DE RESERVA XERAL POR ORDE DE Puntuación

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE, con base no establecido no artigo 16.4 das bases reguladoras da convocatoria, consente, unicamente no caso de producirse unha vacante nalgunha oficina que non se poida cubrir, que se lle ofrezan as bolsas que queden vacantes noutras oficinas distintas a solicitada por min, e pasar á formar parte da lista de reserva xeral por orde de puntuación:

- ☐ Si dou a miña autorización
- ☐ Non dou a miña autorización

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

CVE-DOG: ifyk14u6-je1-dgl4-m6j3-852pezaijy5



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>